

I. DISPOSICIÓN XERAIS

MINISTERIO DE EMPREGO E SEGURIDADE SOCIAL

7969 *Real decreto 637/2014, do 25 de xullo, polo que se modifica o artigo 23 do Regulamento xeral sobre cotización e liquidación doutros dereitos da Seguridade Social, aprobado polo Real decreto 2064/1995, do 22 de decembro.*

O artigo 109 do texto refundido da Lei xeral da Seguridade Social, aprobado polo Real decreto lexislativo 1/1994, do 20 de xuño, determina a composición e as regras de cómputo da base de cotización para todas as continxencias e situacións amparadas pola acción protectora do réxime xeral da Seguridade Social.

O Regulamento xeral sobre cotización e liquidación doutros dereitos da Seguridade Social, aprobado polo Real decreto 2064/1995, do 22 de decembro, desenvolve esa regulación legal no seu artigo 23, no cal se concreta o alcance tanto dos conceptos retributivos que constitúen a base de cotización no dito réxime como daqueles outros que non se computan nela.

O citado artigo 109 do texto refundido da Lei xeral da Seguridade Social foi obxecto de reforma polos reais decretos lei 20/2012, do 13 de xullo, de medidas para garantir a estabilidade orzamentaria e de fomento da competitividade, e 16/2013, do 20 de decembro, de medidas para favorecer a contratación estable e mellorar a empregabilidade dos traballadores, que en ambos os casos obedeceron a unha necesidade urxente de actualizar esas regras para o cómputo da base de cotización co fin de integrar nela conceptos retributivos cuxa exclusión non resultaba xa xustificada e de mellorar, asemade, a información que deberán facilitar as empresas sobre tales conceptos, garantíndose así a sustentabilidade do sistema da Seguridade Social e a conseguinte mellora da acción protectora dos traballadores por conta allea incluídos no réxime xeral.

O obxecto deste real decreto consiste en harmonizar e adaptar o desenvolvemento regulamentario das regras de determinación da base de cotización ao réxime xeral, establecidas no artigo 23 do Regulamento xeral sobre cotización e liquidación doutros dereitos da Seguridade Social, á regulación legal vixente sobre a materia, contida no artigo 109 do texto refundido da Lei xeral da Seguridade Social.

Na nova redacción dada ao artigo 23 do citado regulamento xeral e seguindo a mesma estrutura que a ata agora vixente, comézase definindo, no seu punto 1, os conceptos retributivos que conforman a base de cotización ao réxime xeral da Seguridade Social, establecendo as regras de valoración das distintas percepcións en especie que forman parte da remuneración e que estarán constituídas polo seu importe total, de vir establecido o seu valor nominal e, con carácter xeral, polo custo medio que supoña para o empresario a entrega do ben, dereito ou servizo obxecto de percepción, excepto en tres casos.

Por unha parte, no suposto de utilización dunha vivenda propiedade ou non do empresario ou de utilización ou entrega de vehículos automóbiles, a valoración efectuarase nos termos do artigo 43 da Lei 35/2006, do 28 de novembro, do imposto sobre a renda das persoas físicas e de modificación parcial das leis dos impostos sobre sociedades, sobre a renda de non residentes e sobre o patrimonio; por outra parte, respecto da prestación do servizo de educación por centros educativos autorizados aos fillos dos seus empregados, con carácter gratuíto ou por prezo inferior ao normal de mercado, así como a prestación do servizo de gardaría polos propios medios das empresas, cuxa valoración virá determinada polo custo marxinal que lles supoña a eses centros a prestación de tal servizo, e no suposto dos préstamos concedidos aos traballadores con tipos de xuro inferiores ao legal do diñeiro, valoraranse pola diferenza entre o xuro pagado e o referido xuro legal vixente no respectivo exercicio económico.

O punto 2 deste artigo 23 segue dedicado aos conceptos excluídos da base de cotización, ben que axustándose aos agora previstos no artigo 109.2 do texto refundido da Lei xeral da Seguridade Social e concretando algúns aspectos do alcance da súa exclusión.

A previsión recollida no punto 3 do artigo modificado coincide esencialmente coa súa actual redacción.

Finalmente, establécese mediante a disposición derradeira primeira unha ampliación do prazo para a liquidación e o ingreso da cotización correspondente ás primeiras mensualidades dos novos conceptos e importes computables na base de cotización.

No seu proceso de tramitación, o proxecto foi sometido ao trámite de audiencia aos axentes sociais e emitiron informe diversas asociacións afectadas polo seu contido.

Este real decreto dítase ao abeiro do establecido no artigo 5 e na disposición derradeira sétima do texto refundido da Lei xeral da Seguridade Social, aprobado polo Real decreto legislativo 1/1994, do 20 de xuño.

Na súa virtude, por proposta da ministra de Emprego e Seguridade Social, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 25 de xullo de 2014,

DISPOÑO:

Artigo único. *Modificación do Regulamento xeral sobre cotización e liquidación doutros dereitos da Seguridade Social, aprobado polo Real decreto 2064/1995, do 22 de decembro.*

O artigo 23 do Regulamento xeral sobre cotización e liquidación doutros dereitos da Seguridade Social, aprobado polo Real decreto 2064/1995, do 22 de decembro, queda redactado nos seguintes termos:

«Artigo 23. *Base de cotización.*

1. A base de cotización para todas as continxencias e situacións amparadas pola acción protectora do réxime xeral da Seguridade Social, así como polos conceptos de recadación conxunta coas cotas do dito réxime, estará constituída pola remuneración total, calquera que sexa a súa forma ou denominación que, con carácter mensual, teña dereito a percibir o traballador ou a que efectivamente perciba de ser esta superior, por razón do traballo que realice por conta allea.

A) As percepcións de vencemento superior ao mensual ratearanse ao longo dos doce meses do ano.

B) Para efectos da súa inclusión na base de cotización, considerárase remuneración a totalidade das percepcións recibidas polos traballadores, en diñeiro ou en especie, xa retribúan o traballo efectivo ou os períodos de descanso computables como de traballo, así como os importes que excedan o disposto no punto 2 deste artigo.

Para estes efectos, constitúen percepcións en especie a utilización, o consumo ou a obtención, para fins particulares, de bens, dereitos ou servizos de forma gratuíta ou por prezo inferior ao normal de mercado, aínda cando non supoñan un gasto real para quen as conceda.

a) Cando o empresario entregue ao traballador importes en metálico, vales ou cheques de calquera tipo para que este adquira bens, dereitos ou servizos, a percepción económica e o importe do vale ou cheque recibido polo traballador valoráranse pola totalidade do seu importe.

Tamén se valorarán pola totalidade do seu importe as accións ou participacións entregadas polos empresarios aos seus traballadores, que se valorarán no momento en que se acorda a súa concesión, de conformidade co establecido nos artigos 15 e 16 da Lei 19/1991, do 6 de xuño, do imposto sobre o patrimonio; as

primas ou cotas satisfeitas polos empresarios a entidades aseguradoras para a cobertura dos seus traballadores; as contribucións satisfeitas a plans de pensións no marco do texto refundido da Lei de regulación de plans e fondos de pensións, aprobada polo Real decreto legislativo 1/2002, do 29 de novembro, e a súa normativa de desenvolvemento, e as melloras das prestacións de Seguridade Social concedidas polas empresas, coa excepción das previstas no punto 2.C) deste artigo.

b) Con carácter xeral, a valoración das percepcións en especie satisfeitas polos empresarios virá determinada polo custo medio que supoña para estes a entrega do ben, dereito ou servizo obxecto de percepción, entendendo este custo medio como o resultado de dividir os custos totais que supoña para a empresa a entrega dun ben, dereito ou servizo directamente imputables á dita retribución entre o número de perceptores potenciais do dito ben, dereito ou servizo.

c) Non obstante o previsto na alínea b), cando se trate da prestación do servizo de educación nas etapas de infantil, primaria, secundaria obrigatoria, bacharelato e formación profesional por centros educativos autorizados, aos fillos dos seus empregados, con carácter gratuíto ou por prezo inferior ao normal de mercado, a súa valoración virá determinada, no momento de inicio do curso escolar correspondente, polo custo marxinal que supoña para a empresa a prestación de tal servizo, entendendo este como o incremento do custo total directamente imputable á prestación que supoña para o centro educativo un servizo de educación para un alumno adicional da etapa de ensino que corresponda. Así mesmo, a valoración do resto de servizos educativos prestados polos centros autorizados na atención, coidado e acompañamento dos alumnos, virá determinada polo custo marxinal que supoña para a empresa a prestación de tal servizo.

Esta mesma valoración será aplicable á prestación por medios propios do empresario do servizo de gardarías para os fillos dos seus empregados.

d) A utilización dunha vivenda, propiedade ou non do empresario, ou a utilización ou entrega de vehículos automóbiles valorarase nos termos previstos para estes bens no artigo 43 da Lei 35/2006, do 28 de novembro, do imposto sobre a renda das persoas físicas e de modificación parcial das leis dos impostos sobre sociedades, sobre a renda de non residentes e sobre o patrimonio.

e) Así mesmo, os préstamos concedidos aos traballadores con tipos de xuro inferiores ao legal do diñeiro valorarase pola diferenza entre o xuro pagado e o referido xuro legal vixente no respectivo exercicio económico.

2. Unicamente non se computarán na base de cotización os seguintes conceptos:

A) Os gastos de manutención e estadía, así como os gastos de locomoción, cando correspondan a desprazamentos do traballador fóra do seu centro habitual de traballo para realizar este en lugar distinto, nos termos e nas contías seguintes:

a) Non se computarán na base de cotización as cantidades destinadas polo empresario para compensar os gastos normais de manutención e estadía en restaurantes, hoteis e demais establecementos de hostalaría, devindicadas por gastos en municipio distinto do lugar do traballo habitual do traballador e do que constituía a súa residencia, cando estes se encontren exceptuados de gravame conforme os puntos 3, 4, 5 e 6 do artigo 9.A) do Regulamento do imposto sobre a renda das persoas físicas, aprobado polo Real decreto 439/2007, do 30 de marzo.

O exceso sobre os límites sinalados nos puntos citados computarase na base de cotización á Seguridade Social.

Tampouco se computarán na base de cotización os gastos de manutención, aboados ou compensados polas empresas a traballadores a elas vinculados por relacións laborais especiais, por desprazamentos fóra da fábrica, taller, oficina ou centro habitual de traballo, para realizalo en lugar distinto deste en diferente

municipio, tanto se o empresario os satisfai directamente como se resarce deles o traballador, cos límites establecidos no artigo 9.B) do Regulamento do imposto sobre a renda das persoas físicas.

O exceso sobre os límites sinalados no citado artigo 9.B) computarase na base de cotización á Seguridade Social.

b) Para os mesmos efectos da súa exclusión na base de cotización á Seguridade Social, considéranse gastos de locomoción as cantidades destinadas polo empresario a compensar os gastos do traballador polos seus desprazamentos fóra da fábrica, taller, oficina ou centro habitual de traballo, para realizalo en lugar distinto do mesmo ou diferente municipio.

Os gastos de locomoción, tanto se o empresario os satisfai directamente como se resarce deles o traballador, estarán excluídos da base de cotización na súa totalidade cando se utilicen medios de transporte público, sempre que o importe dos ditos gastos se xustifique mediante factura ou documento equivalente. De se utilizaren outros medios de transporte, estarán excluídos da base de cotización nos termos e co alcance establecido nos puntos A).2, 4, 5 e 6 e B) do artigo 9 do Regulamento do imposto sobre a renda das persoas físicas.

O exceso sobre as cantidades sinaladas nos citados puntos incluírase na base de cotización á Seguridade Social.

B) As indemnizacións por falecemento e as correspondentes a traslados, suspensións, despedimentos e cesamentos, nos termos previstos no artigo 109.2.c) do texto refundido da Lei xeral da Seguridade Social.

De superar o importe destas indemnizacións os límites establecidos no citado artigo, o exceso que haberá que incluír na base de cotización ratearase ao longo dos doce meses anteriores a aquel en que teña lugar a circunstancia que as motive.

C) As prestacións da Seguridade Social e as melloras das prestacións por incapacidade temporal concedidas polas empresas.

D) As asignacións destinadas a satisfacer gastos de estudos do traballador dispostos por institucións, empresarios ou empregadores e financiados directamente por eles para a actualización, capacitación ou reciclaxe do seu persoal, cando veñan exixidos polo desenvolvemento das súas actividades ou polas características dos postos de traballo.

E) As horas extraordinarias, salvo na base de cotización por accidentes de traballo e enfermidades profesionais e sen prexuízo da cotización adicional por tal concepto nos termos establecidos no artigo 24 deste regulamento.

3. O establecido no punto 2 enténdese sen prexuízo das especialidades previstas na sección 10.^a deste mesmo capítulo, así como das facultades do Ministerio de Emprego e Seguridade Social para establecer o cómputo das horas extraordinarias na determinación da base de cotización por continxencias comúns, xa sexa con carácter xeral, xa por sectores laborais nos cales a prolongación da xornada sexa característica da súa actividade.»

Disposición derradeira primeira. *Ampliación do prazo para a liquidación e o ingreso da cotización correspondente ás primeiras mensualidades dos novos conceptos e importes computables na base de cotización.*

Amplíase o prazo de liquidación e ingreso dos novos conceptos computables na base de cotización ao réxime xeral da Seguridade Social e do importe en que se incrementasen outros conceptos que se incluírán na dita base, como consecuencia da modificación do artigo 109 do texto refundido da Lei xeral da Seguridade Social por parte do Real decreto lei 16/2013, do 20 de decembro, correspondente aos períodos de liquidación de decembro de 2013 a xullo de 2014, os cales poderán ser obxecto de liquidación complementaria e ingreso, sen aplicación de recarga ou xuro ningún, ata o 30 de setembro de 2014.

Disposición derradeira segunda. *Título competencial.*

Este real decreto dítase ao abeiro da competencia exclusiva que o artigo 149.1.17.^a da Constitución española atribúe ao Estado en materia de réxime económico da Seguridade Social.

Disposición derradeira terceira. *Entrada en vigor.*

O disposto neste real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 25 de xullo de 2014.

FELIPE R.

A ministra de Emprego e Seguridade Social,
FÁTIMA BÁÑEZ GARCÍA